<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</li> </ul>

4.) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- a. Temporalización.
- b. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- c. Procedementos e instrumentos de avaliación.

<b>Temporalización, ponderación e instrumentos de avaliación dos estándares do curso. 4º de ESO</b>							
CURSO	TIC						
NIVEL	2º ciclo da ESO . 4º	AREA	Tecnoloxías da Información e comunicación.				
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe ( 28 )	Mínimos exigidos	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación	C. C
<b>Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede</b>							
B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais. ( 3 %)	Emprega hábitos adecuados.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CSC
	TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal. ( 3 %)	Emprega apropiadamente contrasinais para a protección da información persoal.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CMCCT.
B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información. ( 3 %)	Respecta a propiedade intelectual no intercambio de información.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CAA CSC CCEC
B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. ( 3 %)	E coidadoso na emprega dos navegadores a sabendas de que pode ser vítima dos fraudes da web.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CAA CSC
	TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de	Respecta a propiedade intelectual no intercambio de		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.	CD CSC

Programación didáctica do departamento de  
 TECNOLOXÍA 20-21  
 C. P. I. José García García (MENDE - Ourense)

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe ( 28 )	Mínimos exigidos	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación	C. C
	autoría e materiais de libre distribución. ( 3 %)	información				INSTRUMENTOS: Observación	CCEC
Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes							
B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. ( 3 %)	Crea cartafoles a distintos niveis para gardar os seus arquivos.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Portfolio	CD CMCCT. CAA
	TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático. ( 3 %)	Cofece distintos sistemas operativos, e empregaos correctamente a nivel básico.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Portfolio	CD CMCCT.
B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes. ( 3 %)	E capaz de instalar unha aplicación sinxela nun equipo informático.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Traballos de aplicación	CD CMCCT. CAA
B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e cofece aplicacións de comunicación entre dispositivos. ( 3 %)	Utiliza correctamente o equipo informático e é capaz de exportar os seus traballos a outros dispositivos: email, google drive,....		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación. Traballos de aplicación.	CD CMCCT.
B2.4. Cofecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	TICB2.4.1. Analiza e cofece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. ( 3 %)	E capaz de identificar os elementos máis importantes do hardware dun PC.	X			PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva	CD CMCCT.
B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. ( 3 %)	Cofece a formas de conexión entre dispositivos dixitais, con e sin fíos	X			PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMCCT. CCL
Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital							

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe ( 28 )	Mínimos exigidos	T	T	T	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación	C. C
			1	2	3		
B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. ( 10 %)	Emprega razoablemente un procesador de textos.	X			PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Porfolio. Traballos de aplicación.	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC
	TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. ( 10 %)	Emprega razoablemente unha folha de cálculo.	X			PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Porfolio. Traballos de aplicación.	CD CMCCT. CCL CSIEE
	TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. ( 5 %)	Cofece as aplicacións das bases de datos e é capaz de consultar datos e organizar a información.	X			PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Porfolio. Traballos de aplicación.	CD CMCCT. CAA CSIEE
B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. ( 10 %)	Emprega razoablemente as presentacións dixitais e outros recursos multimedia: imaxe, son,..	X			PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Porfolio. Traballos de aplicación.	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC CSC
	TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. ( 5 %)	Emprega dispositivos de captura de imaxe: (cámaras, escaneres,..), audio e vídeo, e é capaz de introducila nun PC para o seu procesamento co software específico.	X			PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Porfolio. Traballos de aplicación.	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE
Bloque 4. Seguridade informática							

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe ( 28 )	Mínimos exigidos	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIIÓN Instrumentos de avaliación	C. C
B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. ( 3 %)	Coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMCCT.
	TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. ( 3 %)	Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.		X		PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Portfolio.	CD CMCCT.
	TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. ( 3 %)	Coñece a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus para garantir a seguridade.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Portfolio.	CD CMCCT. CCL
Bloque 5. Publicación e difusión de contidos							
B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. ( 5 %)	Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Portfolio. Traballos de aplicación	CD CMCCT. CAA CSC
B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. ( 2 %)	E capaz de subir contidos a rede.			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Portfolio. Traballos de aplicación	CD CMCCT. CCL CAA
	TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. ( 1 %)	Accede a editores gratuitos de páxinas web..			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CMCCT. CCL CSC CSIEE CCEC
B5.3. Coñecer os estándares de publicación e	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas	Participa colaborativamente en diversas ferramentas			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.	CD CMCCT. CCL



Programación didáctica do departamento de  
TECNOLOXÍA 20-21  
C. P. I. José García García (MENDE - Ourense)

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe ( 28 )	Mínimos exigidos	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación	C. C
empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	das TIC de carácter social e xestiona os propios. ( 2 %)	das TIC .				INSTRUMENTOS: Observación	CAA CSIEE CSC
Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión							
B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma. ( 2 %)	Elabora materiais para a web..			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Portfolio	CD CMCCT. CSIEE
	TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. ( 1 %)	Realiza intercambio de información en algunha plataforma na que esté rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CMCCT. CCL CAA CSC
	TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. ( 1 %)	Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación. Traballos de aplicación.	CD CMCCT.
B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.	TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. ( 2 %)	Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CMCCT. CCL CAA CSC CSIEE
B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. ( 2 %)	Cofece e emprega responsablemente as redes sociais.			X	PROCEDEMENTOS: Análise da produción dos alumnos.  INSTRUMENTOS: Observación	CD CMCCT. CCL CSC

Temporalización, ponderación e instrumentos de avaliación dos estándares do curso 4º de ESO  
A adquisición dos estándares valórase cun **indicador de logro** de 0 a 4 para cada un deles segundo o tipo de escala:

0	Inadecuado	Non presenta o instrumento de avaliación, entrega en branco a tarefa avaliable ou a tarefa non conta con ningún dos elementos fundamentais do indicador establecido
1	Insuficiente	Omítese elementos fundamentais do indicador establecido.
2	Básico	Acada o cumprimento suficiente do indicador establecido.
3	Competente	Evidéncianse prácticas sólidas. Evidencia clara de competencia e dominio técnico no indicador establecido
4	Excelente	Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas

### 5.) Concreción metodolóxica que require a materia.

A metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectivo e que, como un dos seus eixos, favoreza a adquisición das competencias clave; especialmente a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a Competencia dixital, a competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor e a competencia Aprender a aprender.

Para iso empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Expresión de ideas previas e dificultades de aprendizaxe antes de comezar os temas.
- Exposición do profesor ou profesora a través de diversos soportes.
- Lectura e reflexión individual do texto para aproximarse ao contido a tratar.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e nos proxectos de aula para investigar e descubrir.
- Aplicación práctica dos conceptos aprendidos.
- Discusión e análise do contido por parellas ou en gran grupo.
- Traballo en grupos reducidos no desenvolvemento das actividades e problemas propostos.
- Procura de información para completar actividades e ampliar coñecementos.
- Utilización de Internet para facilitar a comprensión e construción de contidos e ideas.
- Posta en común despois do traballo individual.

### 6.) Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.

Os seguintes materiais de apoio servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos das unidades:

- Libro do alumno, **apuntes facilitados polo profesor**, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos de consulta, etc.
- Caderno do alumno para realizar nel as actividades propostas polo profesorado.
- Fichas fotocopiáveis de reforzo e ampliación para o tratamento da diversidade
- Pizarra tradicional ou dixital.
- Ordenadores.
- Folios e cartolinas.
- Material específico para realizar o proxecto de aula.
- Recursos dixitais.
- Enlaces web

## 1. 7.) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### 7.1 Criterios de avaliación

#### Avaliacións parciais

Para realizar a avaliación parcial tomaranse como referencia os criterios do currículo, especificados nos estándares de aprendizaxe, segundo a temporalización establecida no apartado 4 desta programación.

Os procedementos e instrumentos de avaliación de cada trimestre figuran no apartado 4. Como norma xeral –e sen prexuízo de que o desenvolvemento da programación de aula aconselle introducir modificacións– realizaranse dúas probas escritas que, xunto cos traballos de clase propostos, as probas orais e as rúbricas, suporán as evidencias nas que se fundamenta a avaliación.

A adquisición de cada estándar graduarase de acordo coa escala establecida (de 0 a 4), en virtude dos indicadores de logro establecidos ao efecto. A cualificación establecerase segundo os criterios especificados no apartado 7.2.

#### Avaliación final

A avaliación final tomará como referencia os criterios do currículo, especificados nos estándares de aprendizaxe, e os instrumentos de avaliación das avaliacións parciais.

A adquisición de cada estándar graduarase de acordo coa escala establecida (de 1 a 4), en virtude dos indicadores de logro establecidos ao efecto. A cualificación establecerase segundo os criterios especificados no apartado 7.2.

Para o alumnado que non acade unha cualificación de aprobado como resultado da avaliación global das probas parciais, ou que non supere algúns dos estándares básicos, poderá elaborarse unha proba escrita final na que se dea conta dos estándares básicos.

#### Avaliación extraordinaria

Para o alumnado que non acade a cualificación de aprobado na avaliación final, programarase unha proba escrita extraordinaria na que se dea conta dos estándares básicos.

### 7.2 Criterios de cualificación

A cualificación de cada estándar establécese en relación co grao de logro acadado, sendo 2 o grao mínimo especificado no apartado 4.

A cualificación da avaliación final establécese en relación co grao de logro e a ponderación de cada un dos estándares do curso.

A cualificación da avaliación parcial establécese en relación co grao de logro e a ponderación de cada un dos estándares avaliados nese trimestre.

Non obstante, para aprobar unha avaliación parcial ou final, é preciso demostrar que se obtén un indicador de logro  $\geq 1$  para o 80 % dos estándares avaliados.

Ademais, cómpre ter en conta que:

No caso de que un alumno obteña unha cualificación de 5 ou máis, pero non supere a avaliación por estándares, a cualificación –parcial, final ou extraordinaria– será de 4.

As probas escritas finais e extraordinarias cualificaranse cun máximo de 7,5 puntos. A que se engadirá a puntuación correspondente o proxecto que se reserva de xunio.

### 7.3 Criterios de promoción

Criterios de promoción

O alumno aproba a materia no momento en que, conta cunha cualificación mínima de 5 puntos e supera todos os estándares básicos e cualificación positiva por estándares.

### 8.) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora

## Programación didáctica do departamento de TECNOLOXÍA 20-21

C. P. I. José García García (MENDE - Ourense)

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		



Programación didáctica do departamento de  
TECNOLOXÍA 20-21  
C. P. I. José García García (MENDE - Ourense)

**9.) Actividades complementarias e extraescolares programadas polo noso departamento didáctico.**

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na ESO, as materias son de contido progresivo polo que a súa superación nun curso supón a superación da materia do curso anterior se estivese pendente.

Ademais da avaliación continua correspondente ao curso no que se está matriculado, realizarase outra avaliación continua particular para a materia pendente, avaliación que será independente da anterior. A superación de esta avaliación continua particular suporá o aprobado da materia pendente.

Para a preparación desta avaliación continua, entregarase aos alumnos unha serie de traballos, que serán supervisados polo profesor da aula para a súa realización e corrección. Ditos traballos incluírán exercicios similares a os que se esixirán na realización das probas. Os traballos deberán ser entregados no prazo indicado e serán valorados. A nota obtida en eles suporá o 10 por cento da nota da avaliación correspondente.

Poderáse superar a materia pendente obtendo unha calificación positiva neses traballos, non tendo así que presentarse as probas extraordinarias.

Ademais das dúas opcións xa citadas (avaliación continua do curso actual e avaliación continua particular para a materia do curso anterior), existe outra vía para aprobar a materia pendente: as convocatorias oficiais que se realizarán nos meses de maio e setembro. Nestas convocatorias oficiais realízanse probas sobre toda a materia.

O profesor encargado de supervisar o progreso destes alumnos é o profesor que imparte á materia no curso actual.

Os alumnos que non cursen a materia no curso actual serán supervisados polo xefe ou xefa do departamento.

**10.) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

**Deseño da avaliación inicial**

No curso de 2º non parece factible facer unha proba obxectiva de avaliación inicial para conocer os coñecementos previos da materia posto que non se impartiu en anos anteriores, sendo este o primeiro curso no que aparece. Recurrirase a observación directa do grupo nos primeiros días de clase, plantexando problemas e vendo a participación e entusiasmo ou non dos alumnos.

En 3º ESO é viable unha proba escrita inicial, aínda que non imprescindible, quedando a criterio do profesor que imparte os grupos. Dado que só levan un curso de é moi probable que os coñecementos non estean moi enraizados. É mais interesante o interés, a participación e boa disposición que os coñecementos previos dado que parte do temario non son contidos progresivos, senon apartados independentes nos que se pode partir case de cero. Ademais cando a docencia vaia ser impartida polo mesmo profesor que llela impartiu o ano anterior, non aporta nada.

**Medidas individuais e colectivas**

Os resultados da avaliación inicial servirán para establecer os coñecementos previos do grupo, que deberán ser precisados ao principio de cada unidade, co fin de moderar a temporalización prevista na programación ou para propoñer a ampliación ou reforzo dalgún aspecto da materia, sexa individual ou colectivamente

## 11.) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise os alumnos de primeiro e segundo curso da ESO.

En función das características, do número de individuos que precisan atención, e da dispoñibilidade do centro (tanto persoal como material) poden facerse agrupamentos específicos para tal fin.

## 12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Elementos transversais que se traballarán

Na materia de Tecnoloxías incorporáronse para cada ensino transversal os seguintes elementos educativos:

Educación do consumidor

Análise das condicións en que un obxecto desempeña a súa función para comprender a mellor forma de uso. Curiosidade e interese por coñecer as aplicacións das diferentes tecnoloxías na contorna coñecida. Consideración dos valores técnicos, funcionais e estéticos dos materiais. Valoración crítica do impacto social e medioambiental producido pola explotación, a transformación e o desecho de materiais e o posible agotamento dos recursos.

Educación ambiental

Interese por mellorar a contorna, aproveitando as vantaxes do desenvolvemento tecnolóxico. Proposta de solucións que minimicen ou atenúen o impacto medioambiental do desenvolvemento tecnolóxico, particularmente sobre o medio ambiente e sobre a saúde e a calidade de vida das persoas.

Educación para a saúde.

Coñecemento e aplicación das normas básicas de seguridade no manexo de materiais, ferramentas e máquinas.

Participación activa na consecución dun lugar de traballo ordenado e dun ambiente san e agradable.

Educación moral e cívica: Interese e respecto cara ás solucións tecnolóxicas adoptadas por outras persoas e culturas para resolver os seus problemas. Análise crítica das consecuencias do desenvolvemento tecnolóxico sobre os valores morais e culturais vixentes, así como na organización do tempo libre e nas actividades de lecer.

Educación para a paz

Actitude aberta e flexible ao explorar e desenvolver as propias ideas.

Aceptación das ideas, os traballos e as solucións dos demais con espírito tolerante e de cooperación. Actitude paciente e perseverante ante as dificultades e os obstáculos imprevistos.

Disposición e iniciativa persoal para organizar e participar solidariamente en tarefas de equipo. Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

Adquisición de recursos, destrezas e habilidades para a propia supervivencia, así como para coidar e axudar a outras persoas e incidir na responsabilidade individual e social, superando estereotipos sexuais.

Recoñecemento e valoración da importancia da división do traballo e a capacidade de compañeiros e compañeiras para desempeñar tarefas comúns.



Programación didáctica do departamento de  
TECNOLOXÍA 20-21  
C. P. I. José García García (MENDE - Ourense)

**13.) Actividades complementarias e extraescolares**

Actividades complementarias e extraescolares

Non están previstas actividades complementarias e extraescolares.

**14.) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

A programación didáctica poderase revisar ao remate de cada avaliación, no que se contrastarán os indicadores de logro establecidos no apartado 8 e se analizarán os resultados académicos obtidos no trimestre.

Se na avaliación do proceso de ensino e da práctica docente ou na avaliación do resultados académicos se aprecia a necesidade de modificar a programación nalgún aspecto, precisará o visto bo do departamento e virá seguido da comunicación á xefatura de estudos.

**Anexo:**

Dada a actual situación de incerteza sobre o seguimento das clases de maneira presencial en caso de ser preciso recurrirse a todos os recursos que pon a nosa disposición tanto a aula virtual como a plataforma webex para o seguimento telemático do ensino